O 19 de setembro de 2012 escenificábase en Santiago a firma dos floteis de PEMEX no que se cualificou de “salvación do sector naval galego”. Supostamente 1.000 empregos en cada un deles. Antes prometéronse 14 remolcadores, 2 quimiqueiros e 5 gaseiros “pantasma” xa que en relación cos tempos electorais “aparecen e desaparecen”. A adxudicación do flotel conseguírona Navantia e Barreiras en concurso público en xaneiro de 2014, 16 meses despois. PEMEX xa era entón accionista maioritaria de Barreiras por un mísero prezo de 6.000.000 de euros.

Hoxe o flotel que se fabrica en Vigo está á venda, o que construímos en Ferrol ralentizado pola desorganización calculada da Dirección de Navantia (que se permitiu o luxo de desviar carga de traballo deste barco a Cádiz), non ocupa máis do 30% dos empregos comprometidos mentres en Ferrol 3.000 traballadores e traballadoras perfectamente formados están en situación de desemprego.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis anuncios. Seguiulle un Buque de Acción Marítima en febreiro de 2014 que non tivo financiamento ata meses despois. Prometían 500 empregos durante 30 meses. Hoxe non aporta emprego algún en man de obra na Ría de Ferrol.

A oportunidade de Iberdrola. 500 empregos máis segundo o Partido Popular. Empezouse a falar a finais de 2013 e asinouse en decembro de 2014. Malia ter, en principio, un prazo apertado de entrega non aportará emprego ata cerca do verán.

Pero hai que chamar a cada cousa polo seu nome e neste caso as cifras certas son estas:

□ A mediados dos anos 80, os estaleiros públicos da comarca, as antigas ASTANO e BAZÁN, daban ocupación a 12.000 persoas nas plantillas das principais. Sumando os empregos xerados pola Industria Auxiliar, a cifra total de empregados do naval nesta ría aproximábase entón ao número de desempregados que hoxe teñen FERROLTERRA– EUME-ORTEGAL, preto de 20.000 persoas.

□ No ano 2011, nos estaleiros da Ría, entre planteis da principal e da Industria Auxiliar, chegamos a traballar unha media de 5.500 persoas. Navantia e a súa actividade económica supuxo o 3'5 % do PIB da Provincia da Coruña e, entre postos de traballo directos, indirectos e inducidos, incidiu en 17.000 empregos da Comarca de Ferrolterra.

□ Hoxe Ferrol segue no vagón de cola dos grandes municipios galegos nas taxas de actividade e de ocupación., cunha taxa de paro do 26%, e daqueles 5.500 empregos só no naval hoxe só quedan 3000, non no naval, senón no conxunto do sector industrial da comarca.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentiron no seu apoio ao dique flotante. O Partido Popular dedicouse a votar unha cousa en Galicia e outra diferente en Madrid. Nunca se dirixiron a Bruxelas para esixir esta ferramenta imprescindible para Reparacións e, polo tanto, mentiron á Comarca. Incluso un senador por designación autonómica e ex-alcalde de Ferrol como Juan Juncal atreveuse a argumentar o contrario do prometido polo seu partido.

Mentiron na activación do estaleiro de Fene onde hoxe, a falta dun veto de Bruxelas, existe outro veto, encuberto, á construción naval convencional que evita potenciar unhas instalacións que seguen entre as mellores de Europa.

Mentiron na súa promesa de impulso á fragata F110, comprometida por Rajoy no seu discurso de investidura. Pero, malia que nos mentiron, non nos enganaron. Os traballadores e traballadoras do naval, xunto a cidadanía de Ferrol e Comarca, non nos resignamos nin imos a permanecer pasivos. Non consentiremos mais promesas baleiras que confundan ou maten a ilusión de toda unha comarca.”

Por iso esixían ao remate do Manifesto os seguintes puntos, que o Grupo Parlamentar do BNG presenta en forma de proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

☐ Posta en marcha inmediata do proxecto da F-110, a construción dun dique para consolidar o futuro de reparacións así como carga de traballo no sector civil.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

☐ Cumprimento dos acordos de mínimos asinados para a Industria Auxiliar, porque esiximos traballo, pero esiximos traballo en condicións dignas, no século XXI non podemos consentir condicións laborais do século XIX.

☐ Esiximos tamén o deseño dun Plan Industrial que asegure e reforce a empresa a longo prazo, no que é imprescindible a incorporación de mozos e mozas, sen que isto signifique unha redución de emprego.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/05/2015 13:32:18

María do Carme Adán Villamarín na data 15/05/2015 13:32:21



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria.

Recentemente publicouse o “Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza do 2014”. Para o citado ano, o grao de execución total foi do 90,5%, quedando polo tanto a décima parte do orzamentado sen executar. Dunha análise detallada do grao de execución observamos como determinadas áreas ou programas presentan unha moi baixa execución lastrando así o cumprimento dos seus obxectivos.

Se observamos o grado de execución atendendo ás consellerías, observamos que a que debería impulsar impulsor o crecemento económico e que conta con grandes programas de incentivos para a dinamización económica, a Consellería de Economía e Industria, resulta ser a consellería con máis baixa execución, un 61%. Nesta consellería, atendendo á execución por capítulos de gasto, todos os capítulos superan o 99% de execución, a excepción do capítulo 7, xa que as transferencias de capital apenas chegan ao 52,2%. Trátase precisamente do capítulo onde se recollen varias liñas de dinamización económica a través de subvencións aos diferentes axentes galegos.

Así, programas que leva a cabo esta consellería, como o “plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, presenta unha execución do 64,1%, mentres que o “programa de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial” sitúase nun exíguo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

40,8%. Trátase dunhas moi baixas execucións que amosan o desleixo gubernamental por aplicar políticas eficaces nestas áreas, o que acaba lastrando ao noso tecido industrial, á nosa capacidade innovadora e á competitividade da nosa industria.

Por todo isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Realizar as xestións oportunas para incrementar o grado de execución do gasto orzamentado nos citados programas para o presente exercicio.
- Expoñer mediante un informe detallado os motivos da non execución do orzamento destes programas.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/05/2015 14:04:54

María do Carme Adón Villamarín na data 15/05/2015 14:04:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Tereixa Paz Franco** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao cumprimento dos requirimentos legais en materia de medio ambiente dos vertedoiros de cascallos das obras do trazado do AVE que proxecta ADIF en varios concellos de Ourense e que afectan singularmente ao concello de Taboadela.

No contexto da futura realización das obras do trazado do Ave no seu tramo de acceso á cidade de Ourense, o ADIF ten iniciado os trámites para a expropiación de leiras que serán destinadas a vertedoiros dos cascallos procedentes de ditas obras. Nese tramo ademais dos desmontes habituais xeraranse tamén un gran volume de escombros procedentes da construción de dous túneles, en Rante e Montealegre.

En total, segundo as previsións de ADIF estas expropiacións con destino á acumulación de cascallos ocuparían unhas 50 hectáreas de terreos e o movemento de escombros que acabarían depositados ascenderían a un volume previsto de uns 3 millóns de metros cúbicos acadando unha altura de 4 metros.

Estes vertedeiros terán ademais, á vista da expropiación definitiva das leiras que formula o ADIF, carácter permanente.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación de concentración nunha zona concreta dos verquidos de todos os



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cascallos do tramo é unha decisión aberrante desde o punto de vista das cargas que terán que soportar os e as veciñas das zonas afectadas en relación con dita infraestrutura.

Para alén diso, consideramos que esta actuación tamén é moi cuestionable desde o punto de vista da protección do medio ambiente e dos valores naturais e culturais desta zona. Dos datos dos que dispoñemos a día de hoxe non existe ningunha garantía nin estudo acerca das medidas para protexer os acuíferos, nin outros valores da flora e da fauna da zona. E desde logo a magnitude desta actuación e o seu carácter permanente non cabe ningunha dúbida de que vai conlevar alteracións irreparábeis.

Tendo en conta as competencias que ten o Goberno Galego en materia de protección da paisaxe, da calidade do aire, do medio ambiente e dos valores naturais, este Grupo Parlamentar considera indispensable unha actuación urxente para preservar ditos valores e establecer todas as cautelas e de ser necesario impedimentos á realización de actuacións cuxas consecuencias poden devir en permanentes e irreparábeis.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formulan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno do Estado e ao ADIF para que reconsidere o proxecto de vertedeiros de cascallos procedentes nas obras do AVE no tramo de acceso a Ourense, e que se elabore un



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novο proxecto que sexa socialmente máis xusto e distributivo e que conteña todas as cautelas e medidas para preservar os acuíferos e o resto dos valores paisaxísticos, naturais, ambientais e sociais das zonas afectadas.”

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 18/05/2015 12:15:36

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/05/2015 12:15:42

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión I**, relativa ao dispositivo de seguridade policial para as eleccións municipais.

Exposición de motivos

Os sindicatos policiais veñen de coñecer a previsión do dispositivo de vixilancia policial para cubrir a xornada electoral do día 24 de maio no noso país. Esta previsión contén aspectos que son rexeitados polo colectivo policial. O operativo establécese a partires do oficio da Dirección Adxunta Operativa (DAO), do 6 de maio, oficio que sendo semellante ao de outras xornadas de eleccións vai ser aplicado doutra maneira, lesiva para o colectivo de policía afectado.

Sobre a premisa incontrovertible da falla de plantilla suficiente para aplicar a letra do devandito oficio, a previsión para esta xornada electoral será a de realización de xornadas de traballo que nalgúns casos excederán as 12 horas, con presenza fixa nos colexios electorais, cando en anteriores ocasións a aplicación práctica deste oficio supuña servizos de 4 horas dinámicos. Esta situación vai afectar tanto ás persoas que integran o corpo da policía (CPN) como ás da UPA, a unidade da policía autonómica. Descoñecemos a xustificación de semellante alteración.

A situación real das plantillas, a súa escaseza, provoca un amplo abano de cuestións conflitivas, por exemplo que nalgúns casos non sexa materialmente posible facer efectiva esa presenza fixa nos colexios. Esa situación de falla de persoal vai dar lugar a problemas para conciliar a xornada laboral e a vida familiar. Presenza fixa policial nos colexios que se converte en excesiva por innecesaria.

A falta de plantilla suficiente vai pór atrancos a aquelas persoas que teñan que se desprazar para poder exercer o seu dereito de voto, cunha secuencia de ate 4 desprazamentos na mesma xornada cun claro alongamento da xornada de traballo.

A aplicación deste oficio vai dar pé a un evidente exercicio discriminatorio entre compañeiros por que uns van percibir a retribución extraordinaria e outros non malia desempeñar a mesma tarefa. Semella razoable que se inclúa no dispositivo electoral a todo o persoal funcionario que realice as quendas rotatorias do servizo ordinario o día 24 de maio e máis do persoal nomeado para atender o servizo de incidencias.

Vaise dar un rego de incidencias vinculadas á loxística do operativo toda vez que se quere aplicar unha directriz pensada para plantillas grandes e procesos cunha maior conflitividade.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que se dirixa ao goberno central para que garanta un servizo específico nas ODAC (oficinas de denuncias e atención á cidadanía) e nos grupos de atención á cidadanía respecto dos posibles incidentes que poidan acaecer na xornada electoral.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a se dirixir ao goberno central para que se aplique o oficio da DAO da mesma maneira que nos procesos electorais anteriores ao dos 24 de maio, de maneira que se eviten xornadas laborais excesivas e inxustificadas e a necesaria preservación da conciliación laboral-familiar das persoas que integran o CPN e a UPA?

En Compostela, a 18 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/05/2015 12:22:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das súas deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión**.

O persoal laboral da Xunta de Galiza que traballa na Consellaría de Traballo e Benestar ten o artigo 19 do V Convenio de laborais da Xunta de Galiza suspendido. Durante o ano 2015, igual que en anos anteriores dos que xa hai sentenza a favor dos traballadores e traballadoras, suspendeuse a aplicación do artigo 19 do V convenio colectivo único para o persoal laboral de la Xunta de Galicia. Dito artigo refírese ao descanso semanal, domingos e festivos destes traballadores e traballadoras. A súa suspensión implica xornadas maratonianas de 7 horas e media, traballar festivos, sábados e domingos e librar un fin de semana ao mes. En moitos centros nin se cobren as baixas nin algunhas vacacións. Todo isto implica unha perda de dereitos laborais e un empeoramento do servizo por sobrecarga de traballo.

Dado que existe sentenza de febreiro de 2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza favorábel aos traballadores e traballadoras, consideramos urxente que a Consellaría de Traballo e Benestar mude de actitude, polo que presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a derrogar a Lei 1/2012 e especialmente a restituír a todo o persoal laboral da Xunta de Galiza o artigo 19 do V Convenio de persoal laboral.”

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 20/05/2015 11:17:07

María Tereixa Paz Franco na data 20/05/2015 11:17:10

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, por medio de Yolanda Díaz Pérez e Ramón Vázquez Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión I**, relativa á problemática dos xuíces e xuízas substitutas e ás medidas tendentes a súa equiparación cos maxistrados titulares.

Exposición de motivos

“Y desgraciado aquel país en el que los jueces gastan sus energías, en vez de juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, en hacer valer sus derechos para poder cumplir sus obligaciones de escucha, de respuesta, de ponderación y de imparcial decisión...” Así escribira Francisco de Quevedo, na súa “Política de Deus e goberno de Cristo”, e a cuxa crítica pluma acóllese o colectivo de xuíces e xuízas substitutas para evitar os prexuízos para a súa profesión e para a administración de xustiza, que se derivan da norma legal que os suprime á mínima expresión para facer economicismo a costa dos dereitos da cidadanía á tutela efectiva dos xuíces e tribunais.

Publicouse no BOE do 6 de marzo do 2015, a relación dos xuíces e xuízas substitutas para a nosa comunidade, para sumar un total de 40 prazas, 15 en cada unha das provincias costeiras e 5 para cada provincia do interior. Na convocatoria para o ano 2012 saíran convocadas 107 prazas de xuízas e xuíces substitutos.

Esta drástica redución do número dos maxistrados substitutos explícase pola lei 8/2012, do 28 de decembro, de eficiencia orzamentaria na administración de xustiza, que de facto – ao impoñer a preferencia na cobertura de vacantes por xuíces de carreira-suprimiu mil quiñentos xuíces e xuízas que reforzaban as vacantes dos xulgados, as baixas por maternidade e demais continxencias dos xuíces de carreira. Unha sorte de ERE encuberto que desarmou aínda máis a feble administración de xustiza. Esta presenta, vala o exemplo, unha ráteo de 11 xuíces por cada 100.000 habitantes cando a media europea se sitúa en 21 xuíces por cada 100.000 habitantes.

O aforro para Montoro é de 53 millóns de euros, ao pasar de 65 millóns no 2011 aos 12 do 2014. Así foi ao aboar 600 euros brutos mensuais aos xuíces de carreira por cada substitución, para logo subir o 80% do complemento de destino esa retribución por substitución.

Ese ERE encuberto, que reduce o nervio da xustiza, cobrouse o 20% da plantilla xudicial que é a responsable da emisión do 30% das sentenzas. Perda de nervio que coincide coa maior vaga de escándalos de corrupción político-empresarial coñecida, e que semella resultar funcional para botar terra sobre esa trama corrupta que pon en entredito o réxime democrático. Semella difícil non se preguntar por canto traballo e cantas sentenzas non teriamos xa de non se ter posto na rúa a este colectivo. Qui prodest?

A situación deste colectivo atópase hoxendía en terra de ningures, porque os deixa nunha lista de espera, sin ningún salario, desprovistos de protección social, mantendo a incompatibilidade absoluta para calquera ocupación, agás a docencia, e con plena dispoñibilidade dos seus respectivos tribunais superiores de xustiza: como eles caracterizan, unha sorte de contrato 0 horas, 0 dereitos.

Así xa hai dous anos este colectivo vén loitando para pór fin a esta inxustiza malia a prepotencia interesada do goberno e a sentenza do Tribunal Supremo que desestimou o recurso contencioso-administrativo para que se aplicara a directiva 1999/70/CE ao colectivo de xuíces substitutos e maxistrados suplentes. Van acudir ás institucións europeas, estanse a mobilizar presentan unha demanda por conflito colectivo pola sobrecarga de traballo e pola falla de prevención de riscos laborais.

Coñecemos nestes meses como en Lugo adíanse decenas de xuízos e de vistas a causa das restricións orzamentarias que pesan para contratar xuíces e xuízas substitutas. A administración de xustiza perdeu aquí dous terzos daqueles maxistrados substitutos dos que viña tirando. A orde do ministerio de xustiza dificulta o funcionamento cotián de dous xulgados, un do contencioso e outro do social, xurisdición esta última que segue a ingresar máis asuntos dos que pode resolver; todo elo cando o abouxador relato gubernamental sinala a fin da crise e a chegada da recuperación económica. Isto é, aquela decisión atranca aos xulgados e tribunais galegos.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a elaborar un estudo que avalíe o impacto negativo nos tribunais e xulgados galegos provocado pola redución da convocatoria de substitucións derivada da lei 8/2012, do 28 de decembro.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver cantas medidas correctoras poida exercer no ámbito da súa competencia e en relación co goberno central para corrixir ese impacto negativo para a cidadanía galega nos xulgados e tribunais do noso país.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que se dirixa ao goberno central para que este aprobe unha iniciativa favorable a equiparar as condicións dos xuíces e xuízas substitutas aos dos maxistrados titulares.

En Compostela, a 20 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 20/05/2015 14:20:29

Ramón Vázquez Díaz na data 20/05/2015 14:20:36

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Acabamos de coñecer un informe elaborado polo Comisario de Agricultura da Comisión Europea para dar resposta ao Regulamento 1169/2011, que require que a comisión avalíe a posibilidade de introducir o etiquetado obrigatorio da orixe para o leite de consumo e a leite usada como ingrediente en produtos lácteos.

En dito informe se vén a reflectir que a indicación da orixe no etiquetado de produtos lácteos sería custosa e que é algo pouco demandado polo consumidor. Sería custosa para a industria xa que tería que cambiar o sistema de trazabilidade cando usara leite de diferentes orixes, isto é algo que xa ten manifestado en numerosas ocasións a Asociación de Industrias Lácteas Europea, que segundo a súa diagnose iso redundaría en maiores custos que tería que pagar o consumidor e que “implicaría que o gandeiro cobraría menos”.

Resulta obvio que o etiquetado en orixe promove o consumo da produción doméstica, e que polo tanto adoita beneficiar ós produtores dos países deficitarios como é o caso do mercado español, e prexudicar ós países excedentarios.

Sen embargo esta normativa de etiquetado xa se aplica en infinidade de produtos como son as carnes de vacún, porcino, aves, ovino, caprino....

Grupo Parlamentario

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a trasladar diante do Goberno de España e da Comisión Europea a necesidade de abordar de forma urxente a posta en marcha dun sistema de etiquetado que reflicta o país de procedencia da produción, e non só do envasado, do leite de consumo e do leite usada como ingrediente en produtos lácteos.”

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 20/05/2015 13:13:36

Raúl Fernández Fernández na data 20/05/2015 13:13:43

José Ramón Val Alonso na data 20/05/2015 13:13:51

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/05/2015 13:13:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa de **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás implicacións da aplicación da LOMCE para o ensino do galego no Bierzo.

O pasado 8 de maio o BOCYL publicou a “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”. Algúns dos puntos deste decreto significan un paso a atrás na ensinanza do galego no Bierzo e contradín o establecido na lexislación vixente en materia de promoción do galego no ámbito deste territorio. Así a optativa de Lingua e Cultura Galegas pasa a ser unha materia de libre configuración específica. Isto significa que o alumnado interesado en cursala vai ver incrementado o seu horario lectivo, sufrindo unha discriminación negativa con respecto ao alumnado que escolla calquera outra optativa. De feito o alumnado que escolla esta materia verá incrementado o seu horario lectivo ata 33 ou 34 horas semanais (fronte ás 30 horas semanais estipuladas). Isto supón un sobre esforzo importante e a eliminación da ensinanza do galego do horario lectivo. Así tal e como denuncian desde as persoas e colectivos a prol da lingua galega no Bierzo significa que a optativa de Lingua e Cultura Galegas ofertarase “polas tardes, cunha carga lectiva a maiores de 4 horas e diversos problemas entre os que podemos incluír os da imposibilidade de usar o transporte escolar, como non lle ocorre, por outra parte, a ningunha outra materia.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG amosamos a nosa preocupación pola situación que se está a producir e consideramos urxente retomar esta situación. A Xunta de Galiza e a Junta de Castilla y León teñen asinado un protocolo para fomentar o uso do galego nos territorios onde teñen como lingua propia o galego e isto supón un enorme paso atrás. Resulta desalentador comprobar a falta de apoio da ensinanza do galego e os obstáculos continuos a pesar da boa acollida entre o alumnado.

Entendemos que urxe un diálogo entre a Xunta de Galiza e a de Castilla y León que permita resolver esta situación de xeito positivo para a lingua galega. Neste sentido convén lembrar que os programas de promoción e difusión da lingua galega necesitan estabilidade e apoio institucional e evitarmos estes vaivéns que só dificultan a ensinanza de lingua galega. A aplicación da LOMCE en Castilla y León supón un paso atrás moi importante para a lingua galega, unha clara discriminación e unha situación que non é de recibo. O galego leva falándose durante séculos no Bierzo e, estas medidas, lonxe de axudar ao mantemento e apoio da lingua galega significan atrancos inaceptábeis que poñen en perigo o seu futuro.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a iniciar un diálogo coa Junta de Castilla y León, coa finalidade de modificar o estatus que se lle ofrece ao ensino de lingua galega na “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León” de xeito que se manteña a lingua galega como unha optativa no horario



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lectivo no Bacharelato e se apoien e mellore a oferta da ensinanza de lingua galega en todos os tramos do sistema educativo obrigatorio.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 12:20:16

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 21/05/2015 12:20:24

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Hipólito Fariñas Sobrino, Javier Dorado Soto, Jaime Iñiguez Martínez, Rosa Oubiña Solla, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel A. Santalices Vieira e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

En decembro de 2008, o Concello de Narón, por medio do seu Alcalde da época, asinou coa Consellería de Sanidade, representada pola Conselleira Dona María José Rubio Vidal, un Protocolo de Colaboración para a construción dun novo Centro de Saúde en terreos deste Concello.

O documento contempla unha serie de cláusulas e condicións para ambas as dúas Administracións e un escenario temporal.

Pasou o tempo, e o Goberno Local non cumpriu as condicións das cláusulas que o obrigaban, por un lado, á dotación orzamentaria nos exercicios 2009, 2010 e 2011 e, por outro, á entrega e posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos.

A pesar de incumprirse o documento de referencia, a Consellería de Sanidade seguiu amosando a súa vontade de non rachar as negociacións, polo que seguiu mantendo conversas co Concello de Narón de cara a buscar a fórmula de colaboración para volver a firmar un novo documento de colaboración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a estudar a viabilidade e as posibilidades de buscar fórmulas para a construción un novo Centro de Saúde no Concello de Narón, a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da súa cidadanía."

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/05/2015 12:57:30

Hipólito Fariñas Sobrino na data 21/05/2015 12:57:40

Javier Dorado Soto na data 21/05/2015 12:57:58

Jaime Iñíguez Martínez na data 21/05/2015 12:58:20

Rosa Oubiña Solla na data 21/05/2015 12:58:33

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/05/2015 12:58:42

Marta Rodríguez Arias na data 21/05/2015 12:58:57

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/05/2015 12:59:14

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/05/2015 12:59:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/05/2015 12:59:41

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa vicevoceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Comisión**, sobre a **necesidade de que o goberno galego reclame á Comunidade de Castela e León unha rectificación sobre a consideración curricular que ten a lingua galega na “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 8 de maio de 2015 dábase a coñecer no Boletín Oficial de Castela e León (nº 86) a **“ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”**.

De forma cáseque inmediata xurdiron as voces de alarma dos colectivos que defenden a promoción e ensino da lingua e da cultura galega no Bierzo pola consideración que ten esta materia en dita Orde.

As preocupacións son lóxicas como veremos, xa que a lingua e a cultura galega é considerada como **“materia de libre configuración autonómica”** (ANEXO I.D) e esta consideración ten graves implicacións, xa que establece un principio discriminante para o alumnado que decida cursala:

- O alumnado ten un horario de 30 períodos lectivos (art. 13), mentres que aquel alumno ou alumna que curse lingua e cultura galega terá 33 períodos lectivos en 1º BAC e 34 en 2º BAC (artigo 13.3).

- O incremento deses períodos lectivos faise fóra do horario escolar, ocasionando trastornos en materia de xantar e non dispoñían de transporte escolar.

Resulta evidente a discriminación negativa que soportaría o alumnado que decida cursar a lingua e cultura galega. De feito, podemos afirmar que o incremento horario e a franxa deseñada para o seu ensino, provocará, de forma inevitable unha redución do alumnado que podería, potencialmente, escollela á hora de matricularse en 1º BAC. Mesmo cabe a posibilidade de que, sinxelamente, desapareza o seu ensino.

Unha consecuencia engadida é que de non mudarse a consideración curricular da lingua e cultura galega como materia de libre configuración autonómica, será imposible que se cumpra co Programa de Promoción da Lingua Galega no Bierzo, que é onde están os 4 institutos que imparten esta materia.

Cómpre evitar esta inxusta consideración curricular e restaurar os dereitos lingüísticos do alumnado do Bierzo que decida cursar a lingua e cultura galega. Consideramos desde AGE que corresponde ás autoridades galegas en materia educativa e de Política Lingüística reunirse coas súas homólogas de Castela e León e atopar unha solución que non discrimine e supoña agravio para o alumnado.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a

Dirixirse ao goberno da Comunidade de Castela e León para reclamar un cambio curricular na ORDE EDU/363/2015, de 4 de maio, con respecto á impartición da lingua galega e dispoñer dunha solución que non supoña un agravio para o alumnado e dar así un correcto cumprimento aos obxectivos do Programa de Promoción da Lingua e Cultura Galega no Bierzo.

En Compostela, a 21 de maio do 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 21/05/2015 12:30:45

Ramón Vázquez Díaz na data 21/05/2015 12:30:51

Yolanda Díaz Pérez na data 21/05/2015 12:30:56



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa de **Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A estrada AC-544, ao seu paso pola localidade de Portanxil, parroquia de Trasmonte, no concello de Ames, presenta problemas de seguridade viaria, sendo unha preocupación para moitos veciños e veciñas que residen en dita parroquia. En concreto, existe un cruce perigoso, no lugar de Reino, onde xa houbo accidentes de tráfico, que implica que para acceder dun lado a outro da estrada, os peóns deben atravesar tres carrís. Nunha das marxes, está situada unha marquesiña de transporte público, tendo que cruzar co consecuente perigo, agravado ademais polas altas velocidades dos vehículos nesta zona.

A estrada AC-544 une as localidades de Bertamiráns e Negreira, é de competencia da administración galega, e ademais ten unha importante densidade de tráfico. Por iso, debe ser unha prioridade estudar e adoptar de xeito urxente unha solución idónea que incorpore as medidas que sexan necesarias para mellorar a seguridade viaria nesta estrada, onde –como xa se dixo– houbo accidentes graves que implicaron a vehículo e nalgún caso a peóns con resultado mortal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existen diversos puntos con problemas de seguridade viaria, entre os puntos quilométricos 5 e 7 da estrada AC-544, que afectan ás aldeas de Reino e Piñor, tanto para o cruce de peóns como para a visibilidade de vehículos. Tamén, no denominado Alto dos Barreiros, en Portanxil, hai unha rotonda incompleta, que obriga a realizar cruces perigosos para a incorporación ou desvío ás aldeas colindantes coa estrada, malia que a corrección deste trazado apenas implica custes excesivos de obras.

En diversas ocasións a asociación de veciños “Monte do Crego” de Trasmonte xa se dirixiu tanto a administración local como galega para dar conta destes problemas de seguridade viaria e propuxo acometer diversas obrar urxentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario do BNG, a través da deputada que subscribe, formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego acometer as obras de mellora de seguridade viaria necesarias na AC-544 ao seu paso polos núcleos de Portanxil, Reino e Piñor na parroquia de Trasmonte no concello de Ames, de acordo coas demandas manifestadas pola asociación veciñal”.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 13:40:21

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas por iniciativa das súas deputadas, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A meninxite é unha enfermidade causada por virus, bacterias, fungos, intoxicacións, medicamentos etc., que afecta ás meninxes, é unha enfermidade pouco frecuente pero potencialmente letal. Pode afectar ao cerebro, ocasionando inconsciencia, lesión cerebral e doutros órganos ... etc. Progresa con moita rapidez, polo que o diagnóstico e o tratamento precoz é importante para previr secuelas severas e a morte. Afecta basicamente á poboación infantil e adolescente. A meninxite do tipo C (que non é a máis perigosa nin frecuente) era a que se padecía en Europa, mentres que a do tipo B (é a peor) era máis frecuente en países latinoamericanos; pero as enfermidades tamén migran e agora en Europa estamos a sufrir a do tipo B, aínda que non frecuente si é unha enfermidade grave.

Non se pode considerar endémica, pero a aparición de varios casos está a preocupar fondamente á poboación. A súa incidencia no territorio español é diferente por comunidades autónomas, nalgunhas en maior número ca noutras. Galicia, presenta un número de casos que nos fan saltar as alarmas ao detectarse varios de extrema gravidade, xa que a bacteria que produce a meninxite B é moi perigosa.

Algúns países europeos xa integraron a vacina da meninxite B no seu calendario de vacinas como no caso de Portugal, polo que os galegos e as galegas acoden con demasiada frecuencia ao país veciño a mercala, e sen o debido e desexable control sanitario, ante o temor a padecela. Ademais algúns centros privados en Galicia dispoñen dela por estar neste momento

Grupo Parlamentario

reservada a uso hospitalario, o que xera unha falta de equidade e afonda no seu descontrol sanitario.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Existía en Galicia o compromiso para empezar a dispensala nas farmacias galegas sen financiamento público, pero agora a conselleira desculpase e di que é o Ministerio quen non autoriza a súa dispensa, aínda que descoñecemos os motivos.

Sabemos que no Consello Interterritorial camíñase cara un calendario de vacinación único para todas as comunidades autónomas, pero tamén sabemos que hai diferenzas entre elas, e que Galicia estivo ata hai pouco tempo contemplando como experiencia piloto a vacinación obrigatoria na infancia do pneumococo, cousa que noutras partes non se facía.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Inclúa de inmediato a vacina do Meninxites tipo B no calendario de vacinación galego.

2º) Propoña ao Consello Interterritorial de Saúde a inclusión desta vacina en todas as comunidades autónomas.

3º) Estableza as fórmulas necesarias para dispensar a vacina da meninxite tipo B nas farmacias ata que esta non se inclúa no calendario oficial.

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2015

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 21/05/2015 13:30:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar na data 21/05/2015 13:31:03

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 21/05/2015 13:31:13

Jose Luis Méndez Romeu na data 21/05/2015 13:31:28

**XUNTA DE GALICIA****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias****PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA****25 MAI. 2015**Núm. **37428****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS****25 MAI. 2015****S A I D A**Num. **1088**

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 4ª Educación e Cultura, do secretario xeral de Política Lingüística para informar sobre “a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonia, ao amparo da Lei 1/2014.”

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O presidente da Xunta de Galicia vén de anunciar o apoio da Administración Autonómica á iniciativa que supostamente pretenden levar a cabo as cooperativas de Melisanto, Irmandiños e Feiraco para implantar torres de almacenaxe de leite en po na localidade de Melide e que estarían integradas en ACOLAT (Agrupación de Cooperativas Lácteas S.L).

Polo exposto, os deputado que asinan formulan a seguinte **interpelación**:

- 1.^a) En que consiste dito proxecto?
- 2.^a) Quen forman parte de dito proxecto?
- 3.^a) Canta é o investimento formulado para este proxecto?
- 4.^a) En que se vai a concretar o apoio da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/05/2015 12:51:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/05/2015 12:52:11



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa á execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria.

Recentemente publicouse o “Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza do 2014”. Para o citado ano, o grao de execución total foi do 90,5%, quedando polo tanto a décima parte do orzamentado sen executar. Dunha análise detallada do grao de execución observamos como determinadas áreas ou programas presentan unha moi baixa execución lastrando así o cumprimento dos seus obxectivos.

Se observamos o grado de execución atendendo ás consellerías, observamos que a que debería impulsar impulsas o crecemento económico e que conta con grandes programas de incentivos para a dinamización económica, a Consellería de Economía e Industria, resulta ser a consellería con máis baixa execución, un 61%. Nesta consellería, atendendo á execución por capítulos de gasto, todos os capítulos superan o 99% de execución, a excepción do capítulo 7, xa que as transferencias de capital apenas chegan ao 52,2%. Trátase precisamente do capítulo onde se recollen varias liñas de dinamización económica a través de subvencións aos diferentes axentes galegos.

Así, programas que leva a cabo esta consellería, como o “plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, presenta unha execución do 64,1%, mentres que o “programa de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial” sitúase nun exiguu



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

40,8%. Trátase dunhas moi baixas execucións que amosan o desleixo gubernamental por aplicar políticas eficaces nestas áreas, o que acaba lastrando ao noso tecido industrial, á nosa capacidade innovadora e á competitividade da nosa industria.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e deputado asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

1. Considera a Xunta de Galiza que o grao de execución dos citados programas correspóndese cunha boa práctica e xestión orzamentaria?
2. A que cree a Xunta de Galiza que é debido que sexa a Consellería de Economía e Industria a que presenta un menor grado de execución?
3. A que cree a Xunta de Galiza que é debido o nivel tan baixo de execución dos programas citados?
4. Cree a Xunta de Galiza que os programas que amosan baixos graos de execución acadaron o obxectivo político que tiñan asignado?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/05/2015 14:10:31

María do Carme Adán Villamarín na data 15/05/2015 14:10:33

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes ao grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A aprendizaxe de idiomas tense convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental tanto para as persoas mozas como para as adultas. Ninguén dubida a día de hoxe que a aprendizaxe de idiomas abre portas para o acceso ao existente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir.

Esa posibilidade de formación está hoxe ao alcance de moita xente nas cidades, pero resulta moito máis complicada en pequenas vilas do rural.

Unha desas vilas da Galicia interior é Chantada, na provincia de Lugo. Nesa vila atópase o IES “Lama das Quendas”, que estaría en boas condicións para albergar unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos.

Este centro educativo vén ofertando dende hai anos o Programa CUALE, que é cursado por alumnado do segundo ciclo da ESO e por alumnado de Bacharelato, pero ao que non ten opción de acceder a poboación adulta.

O IES “Lama das Quendas” conta con instalacións axeitadas para ofertar esta modalidade de ensino, e ademais está aberto en horario de tarde dende as 16 horas ata as 22 horas.

Estamos a falar da posibilidade de prestar un importante servizo aos concellos de Chantada, Taboada e Carballedo e mesmo a outros concellos limítrofes da Comarca da Ulloa.

Grupo Parlamentario

Existe un amplo consenso na Comunidade Educativa do IES “Lama das Quendas”, tal e como se reflicte nas correspondentes votacións desenvolvidas no Claustro e Consello Escolar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Existe ao mesmo tempo un amplo consenso nos concellos de Chantada, Carballedo e Taboada, que apoiaron por unanimidade esta petición.

Por todo iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poñer en funcionamento ao inicio do curso 2015/2016 unha sección de inglés da EOI de Monforte no IES Lama das Quendas de Chantada?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/05/2015 17:59:56

María Concepción Burgo López na data 15/05/2015 18:00:06

Emilio Vázquez Blanco na data 15/05/2015 18:00:11



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao cumprimento dos requirimentos legais en materia de medio ambiente dos vertedoiros de cascallos das obras do trazado do AVE que proxecta ADIF en varios concellos de Ourense e que afectan singularmente ao concello de Taboada.

No contexto da futura realización das obras do trazado do Ave no seu tramo de acceso á cidade de Ourense, o ADIF ten iniciado os trámites para a expropiación de leiras que serán destinadas a vertedoiros dos cascallos procedentes de ditas obras. Nese tramo ademais dos desmontes habituais xeraranse tamén un gran volume de escombros procedentes da construción de dous túneles, en Rante e Montealegre.

En total, segundo as previsións de ADIF estas expropiacións con destino á acumulación de cascallos ocuparían unhas 50 hectáreas de terreos e o movemento de escombros que acabarían depositados ascenderían a un volume previsto de uns 3 millóns de metros cúbicos acadando unha altura de 4 metros.

Estes vertedeiros terán ademais, á vista da expropiación definitiva das leiras que formula o ADIF, carácter permanente.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación de concentración nunha zona concreta dos verquidos de todos os cascallos do tramo é unha decisión aberrante desde o punto de vista das cargas que terán que soportar os e as veciñas das zonas afectadas en relación con dita infraestrutura.

Para alén diso, consideramos que esta actuación tamén é moi cuestionable desde o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

punto de vista da protección do medio ambiente e dos valores naturais e culturais desta zona. Dos datos dos que dispoñemos a día de hoxe non existe ningunha garantía nin estudo acerca das medidas para protexer os acuíferos, nin outros valores da flora e da fauna da zona. E desde logo a magnitude desta actuación e o seu carácter permanente non cabe ningunha dúbida de que vai conlevar alteracións irreparábeis.

Tendo en conta as competencias que ten o Goberno Galego en materia de protección da paisaxe, da calidade do aire, do medio ambiente e dos valores naturais, este Grupo Parlamentar considera indispensable unha actuación urxente para preservar ditos valores e establecer todas as cautelas e de ser necesario impedimentos á realización de actuacións cuxas consecuencias poden devir en permanentes e irreparábeis.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Ten coñecemento o Goberno Galego das actuacións que pretende realizar o ADIF en relación co vertido dos cascallos das obras do AVE no tramo de acceso á cidade de Ourense?

2.- Realizou o seu Goberno no ámbito das súas competencias algún estudo para avaliar as súas consecuencias tanto sobre os acuíferos como sobre outros valores ambientais e sociais da zona?

3.- Non considera que a concepción do proxecto de ADIF ten un carácter de cargar sobre moi poucos as cargas de dita infraestrutura?

4.- Que valoración fan das condicións e características deste proxecto?

5.- Non cre que o seu carácter de definitivo deba obrigalo ao deseño de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións de menor impacto ambiental e social?

6.- Ten previsto realizar algunha xestión ante o Goberno do Estado e o ADIF para modificar este proxecto e instar a elaboración dunha actuación máis racional?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 18/05/2015 12:18:18

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/05/2015 12:18:31

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, que forma parte do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión I**, relativa ao dispositivo de seguridade policial para as eleccións municipais.

Os sindicatos policiais veñen de coñecer a previsión do dispositivo de vixilancia policial para cubrir a xornada electoral do día 24 de maio no noso país. Esta previsión contén aspectos que son rexeitados polo colectivo policial. O operativo establécese a partires do oficio da Dirección Adxunta Operativa (DAO), do 6 de maio, oficio que sendo semellante ao de outras xornadas de eleccións vai ser aplicado doutra maneira, lesiva para o colectivo de policía afectado.

Sobre a premisa incontrovertible da falla de plantilla suficiente para aplicar a letra do devandito oficio, a previsión para esta xornada electoral será a de realización de xornadas de traballo que nalgúns casos excederán as 12 horas, con presenza fixa nos colexios electorais, cando en anteriores ocasións a aplicación práctica deste oficio supuña servizos de 4 horas dinámicos. Esta situación vai afectar tanto ás persoas que integran o corpo da policía (CPN) como ás da UPA, a unidade da policía autonómica. Descoñecemos a xustificación de semellante alteración.

A situación real das plantillas, a súa escaseza, provoca un amplo abano de cuestións conflitivas, por exemplo que nalgúns casos non sexa materialmente posible facer efectiva esa presenza fixa nos colexios. Esa situación de falla de persoal vai dar lugar a problemas para conciliar a xornada laboral e a vida familiar. Presenza fixa policial nos colexios que se converte en excesiva por innecesaria.

A falta de plantilla suficiente vai pór atrancos a aquelas persoas que teñan que se desprazar para poder exercer o seu dereito de voto, cunha secuencia de ate 4 desprazamentos na mesma xornada cun claro alongamento da xornada de traballo.

A aplicación deste oficio vai dar pé a un evidente exercicio discriminatorio entre compañeiros por que uns van percibir a retribución extraordinaria e outros non malia desempeñar a mesma tarefa. Semella razoable que se inclúa no dispositivo electoral a todo o persoal funcionario que realice as quendas rotatorias do servizo ordinario o día 24 de maio e máis do persoal nomeado para atender o servizo de incidencias.

Vaise dar un rego de incidencias vinculadas á loxística do operativo toda vez que se quere aplicar unha directriz pensada para plantillas grandes e procesos cunha maior conflitividade.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Que novas situacións de risco coñece a Xunta que expliquen a aplicación diferente do oficio que dispón a vixilancia das unidades policiais na xornada electoral do 24 de maio?
- Que consideracións achegou a Xunta para conformar o dispositivo policial de vixilancia da xornada electoral, en particular nos colexios electorais? Tivo en conta a Xunta de Galicia, á hora de elaborar estas consideracións, o evitar xornadas laborais excesivas e inxustificadas e a necesaria preservación da conciliación laboral-familiar das persoas que integran a UPA?
- Formulou a Xunta a consideración da necesidade de establecer un servizo específico nas ODAC (oficinas de denuncias e atención á cidadanía) e nos grupos de atención á cidadanía respecto dos posibles incidentes que poidan acaecer a xornada electoral?
- Vai realizar a Xunta as xestións pertinentes coas autoridades responsables para corrixir os diferentes aspectos enunciados: as eivas na conciliación da vida laboral e familiar, a garantía das 4 horas para exercer o dereito de voto, a realización axeitada dos relevos, a non discriminación mediante a inclusión no dispositivo electoral de todo o persoal funcionario que desempeñe funcións vencelladas coa boa marcha da xornada electoral, e o notable incremento das horas de servizo durante a xornada electoral?

En Compostela, a 18 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 18/05/2015 12:12:34

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**

O presidente da Xunta de Galicia vén de anunciar o apoio da Administración Autonómica á iniciativa que supostamente pretenden levar a cabo as cooperativas de Melisanto, Irmandiños e Feiraco para implantar torres de almacenaxe de leite en po na localidade de Melide e que estarían integradas en ACOLAT (Agrupación de Cooperativas Lácteas S.L).

Polo exposto, os deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) En que consiste dito proxecto?
- 2.ª) Quen forman parte de dito proxecto?
- 3.ª) Canta é o investimento formulado para este proxecto?
- 4.ª) En que se vai a concretar o apoio da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 18/05/2015 13:59:16

Raúl Fernández Fernández na data 18/05/2015 13:59:22



 **Grupo Parlamentario**

José Ramón Val Alonso na data 18/05/2015 13:59:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No fragor da campaña electoral a Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, anunciou que “non descarta liberar a peaxe da AG-55 Coruña-Carballo, e comprometeuse a “estudar” e a “meditar” o seu rescate.

As deputadas e os deputados asinantes tópanse gratamente sorprendidos pero tamén preocupados. Sorprendidos por canto á posibilidade de volver á concepción orixinal desta vía de comunicación, libre de peaxe, que significaría un beneficio económico para os habitantes da Costa da Morte e de Bergantiños, e un alivio considerable para o tráfico que soportan as poboacións situadas á beira da comarcal 552. Pero tamén preocupados porque estas declaracións foron feitas en pleno período electoral con todo o que iso significa.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Baralla a Xunta de Galicia o rescate da autopista de peaxe AG-55 Coruña –Carballo?
- 2.^a) Se é así, para cando e cal é o importe económico do mesmo?
- 3.^a) Se é así, cales son as razóns que aconsellan, á mesma Administración que privatizou a explotación desta vía de comunicación, o seu retorno á xestión pública e libre de peaxe?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.^a) Porqué considera a Sr. conselleira que os concellos de Carballo e Arteixo deberán participar no rescate da concesión da AG-55, esta é unha vía de titularidade autonómica e ningún deles tivo participación na decisión de privatizar a súa xestión?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 19/05/2015 17:24:56

Raúl Fernández Fernández na data 19/05/2015 17:25:07

José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/05/2015 17:25:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/05/2015 17:25:23

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No fragor da campaña electoral a Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, anunciou que “non descarta liberar a peaxe da AG-55 Coruña-Carballo, e comprometeuse a “estudar” e a “meditar” o seu rescate.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Para cando ten previsto a Xunta de Galicia rescatar a xestión privada da explotación da AG-55 Courña-Carballo para convertela nunha autoestrada libre de peaxe?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 19/05/2015 16:37:44

Raúl Fernández Fernández na data 19/05/2015 16:37:54

José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/05/2015 16:38:03



Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/05/2015 16:38:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** e o deputado **Ramón Vázquez Díaz**, que forman parte do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión I**, relativa á problemática dos xuíces e xuízas substitutas e á adopción de medidas conducentes a súa equiparación cos maxistrados titulares.

“Y desgraciado aquel país en el que los jueces gastan sus energías, en vez de juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, en hacer valer sus derechos para poder cumplir sus obligaciones de escucha, de respuesta, de ponderación y de imparcial decisión...” Así escribira Francisco de Quevedo, na súa “Política de Deus e goberno de Cristo”, e a cuxa crítica pluma acóllese o colectivo de xuíces e xuízas substitutas para evitar os prexuízos para a súa profesión e para a administración de xustiza, que se derivan da norma legal que os suprime á mínima expresión para facer economicismo a costa dos dereitos da cidadanía á tutela efectiva dos xuíces e tribunais.

Publicouse no BOE do 6 de marzo do 2015, a relación dos xuíces e xuízas substitutas para a nosa comunidade, para sumar un total de 40 prazas, 15 en cada unha das provincias costeiras e 5 para cada provincia do interior. Na convocatoria para o ano 2012 saíran convocadas 107 prazas de xuízas e xuíces substitutos.

Esta drástica redución do número dos maxistrados substitutos explícase pola lei 8/2012, do 28 de decembro, de eficiencia orzamentaria na administración de xustiza, que de facto – ao impoñer a preferencia na cobertura de vacantes por xuíces de carreira – suprimiu mil quíntos xuíces e xuízas que reforzaban as vacantes dos xulgados, as baixas por maternidade e demais continxencias dos xuíces de carreira. Unha sorte de ERE encuberto que desarmou aínda máis a feble administración de xustiza. Esta presenta, vala o exemplo, unha ráteo de 11 xuíces por cada 100.000 habitantes cando a media europea se sitúa en 21 xuíces por cada 100.000 habitantes.

O aforro para Montoro é de 53 millóns de euros, ao pasar de 65 millóns no 2011 aos 12 do 2014. Así foi ao aboar 600 euros brutos mensuais aos xuíces de carreira por cada substitución, para logo subir o 80% do complemento de destino esa retribución por substitución.

Ese ERE encuberto, que reduce o nervio da xustiza, cobrouse o 20% da plantilla xudicial que é a responsable da emisión do 30% das sentenzas. Perda de nervio que coincide coa maior vaga de escándalos de corrupción político-empresarial coñecida, e que semella resultar funcional para botar terra sobre esa trama corrupta que pon en entredito o réxime democrático. Semella difícil non se preguntar por canto traballo e cantas sentenzas non teríamos xa de non se ter posto na rúa a este colectivo. Qui prodest?

A situación deste colectivo atópase hoxendía en terra de ningures, porque os deixa nunha lista de espera, sen ningún salario, desprovistos de protección social, mantendo a incompatibilidade absoluta para calquera ocupación, agás a docencia, e con plena dispoñibilidade dos seus respectivos tribunais superiores de xustiza: como eles caracterizan, unha sorte de contrato 0 horas, 0 dereitos.

Así xa hai dous anos este colectivo vén loitando para pór fin a esta inxustiza malia a prepotencia interesada do goberno e a sentenza do Tribunal Supremo que desestimou o recurso contencioso-administrativo para que se aplicara a directiva 1999/70/CE ao colectivo de xuíces substitutos e maxistrados suplentes. Van acudir ás institucións europeas, estanse a mobilizar presentan unha demanda por conflito colectivo pola sobrecarga de traballo e pola falla de prevención de riscos laborais.

Coñecemos nestes meses como en Lugo adíanse decenas de xuízos e de vistas a causa das restricións orzamentarias que pesan para contratar xuíces e xuízas substitutas. A administración de xustiza perdeu aquí dous terzos daqueles maxistrados substitutos dos que viña tirando. A orde do ministerio de xustiza dificulta o funcionamento cotián de dous xulgados, un do contencioso e outro do social, xurisdición esta última que segue a ingresar máis asuntos dos que pode resolver; todo elo cando o abouxador relato gubernamental sinala a fin da crise e a chegada da recuperación económica. Isto é, aquela decisión atranca aos xulgados e tribunais galegos.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Avaliou a Xunta de Galicia o impacto para os tribunais e xulgados galegos da redución da convocatoria de substitucións derivada da lei 8/2012, do 28 de decembro? Adoptou a Xunta algunha medida paliativa ou correctora?
- Que xestións realizou o goberno galego co goberno central, se houbo algunha, relativas a situación dos xuíces e xuízas substitutas e maxistrados suplentes?

- Contempla adoptar a Xunta algunha iniciativa favorable a equiparar as condicións dos xuíces e xuízas substitutas aos dos maxistrados titulares?

En Compostela, a 20 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 20/05/2015 14:27:12

Ramón Vázquez Díaz na data 20/05/2015 14:27:19

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación Gandería e Montes**.

Acabamos de coñecer un informe elaborado polo Comisario de Agricultura da Comisión Europea para dar resposta ao Regulamento 1169/2011, que require que a comisión avalíe a posibilidade de introducir o etiquetado obrigatorio da orixe para o leite de consumo e a leite usada como ingrediente en produtos lácteos.

En dito informe se vén a reflectir que a indicación da orixe no etiquetado de produtos lácteos sería custosa e que é algo pouco demandado polo consumidor. Sería custosa para a industria xa que tería que cambiar o sistema de trazabilidade cando usara leite de diferentes orixes, isto é algo que xa ten manifestado en numerosas ocasións a Asociación de Industrias Lácteas Europea, que segundo a súa diagnose iso redundaría en maiores custos que tería que pagar o consumidor e que “implicaría que o gandeiro cobraría menos”.

Resulta obvio que o etiquetado en orixe promove o consumo da produción doméstica, e que polo tanto adoita beneficiar ós produtores dos países deficitarios como é o caso do mercado español, e prexudicar ós países excedentarios.

Sen embargo esta normativa de etiquetado xa se aplica en infinidade de produtos como son as carnes de vacún, porcino, aves, ovino, caprino....

Polo exposto anteriormente, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cal é a posición da Xunta de Galicia ó respecto do etiquetado en orixe do leite de consumo e do leite usado como ingrediente en produtos lácteos?

 Grupo Parlamentario

2.ª) Cales foron as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia no que respecta a este tema?

3.ª) Coñecía a Xunta de Galicia a elaboración deste informe?

4.ª) Trasladou a Xunta de Galicia a súa posición o respecto?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 20/05/2015 13:19:49

Raúl Fernández Fernández na data 20/05/2015 13:19:58

José Ramón Val Alonso na data 20/05/2015 13:20:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás implicacións da aplicación da LOMCE para o ensino do galego no Bierzo.

O pasado 8 de maio o BOCYL publicou a “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”. Algúns dos puntos deste decreto significan un paso a atrás na ensinanza do galego no Bierzo e contradín o establecido na lexislación vixente en materia de promoción do galego no ámbito deste territorio. Así a optativa de Lingua e Cultura Galegas pasa a ser unha materia de libre configuración específica. Isto significa que o alumnado interesado en cursala vai ver incrementado o seu horario lectivo, sufrindo unha discriminación negativa con respecto ao alumnado que escolla calquera outra optativa. De feito o alumnado que escolla esta materia verá incrementado o seu horario lectivo ata 33 ou 34 horas semanais (fronte ás 30 horas semanais estipuladas). Isto supón un sobre esforzo importante e a eliminación da ensinanza do galego do horario lectivo. Así tal e como denuncian desde as persoas e colectivos a prol da lingua galega no Bierzo significa que a optativa de Lingua e Cultura Galegas ofertarase “polas tardes, cunha carga lectiva a maiores de 4 horas e diversos problemas entre os que podemos incluír os da imposibilidade de usar o transporte escolar, como non lle ocorre, por outra parte, a ningunha outra materia.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG amosamos a nosa preocupación pola situación que se está a producir e consideramos urxente retomar esta situación. A Xunta de Galiza e a Junta de Castilla y León teñen asinado un protocolo para fomentar o uso do galego nos territorios onde teñen como lingua propia o galego e isto supón un enorme paso atrás. Resulta desalentador comprobar a falta de apoio da ensinanza do galego e os obstáculos continuos a pesar da boa acollida entre o alumnado.

Entendemos que urxe un diálogo entre a Xunta de Galiza e a de Castilla y León que permita resolver esta situación de xeito positivo para a lingua galega. Neste sentido convén lembrar que os programas de promoción e difusión da lingua galega necesitan estabilidade e apoio institucional e evitarmos estes vaivéns que só dificultan a ensinanza de lingua galega. A aplicación da LOMCE en Castilla y León supón un paso atrás moi importante para a lingua galega, unha clara discriminación e unha situación que non é de recibo. O galego leva falándose durante séculos no Bierzo e, estas medidas, lonxe de axudar ao mantemento e apoio da lingua galega significan atrancos inaceptábeis que poñen en perigo o seu futuro.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Que valoración lle merece á Xunta de Galiza que a ensinanza de lingua galega se vexa discriminada en Castilla y León pola aplicación da LOMCE?

Que actuacións ten previsto desenvolver a xunta de Galiza para garantir que se elimine unha nova discriminación para a lingua galega neste ámbito?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 12:06:20

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 21/05/2015 12:06:39

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e a deputada, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión IV**, sobre a **necesidade de que o goberno galego reclame á Comunidade de Castela e León unha rectificación sobre a consideración curricular que ten a lingua galega na “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”**

O venres 8 de maio de 2015 dábase a coñecer no Boletín Oficial de Castela e León (nº 86) a **“ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”**.

De forma cáseque inmediata xurdiron as voces de alarma dos colectivos que defenden a promoción e ensino da lingua e da cultura galega no Bierzo pola consideración que ten esta materia en dita Orde.

As preocupacións son lóxicas como veremos, xa que a lingua e a cultura galega é considerada como **“materia de libre configuración autonómica”** (ANEXO I.D) e esta consideración ten graves implicacións, xa que establece un principio discriminante para o alumnado que decida cursala:

- O alumnado ten un horario de 30 períodos lectivos (art. 13), mentres que aquel alumno ou alumna que curse lingua e cultura galega terá 33 períodos lectivos en 1º BAC e 34 en 2º BAC (artigo 13.3).

- O incremento deses períodos lectivos faise fóra do horario escolar, ocasionando trastornos en materia de xantar e non disporían de transporte escolar.

Resulta evidente a discriminación negativa que soportaría o alumnado que decida cursar a lingua e cultura galega. De feito, podemos afirmar que o incremento horario e a franxa deseñada para o seu ensino, provocará, de forma inevitable unha redución do alumnado que podería, potencialmente, escollela á hora de matricularse en 1º BAC. Mesmo cabe a posibilidade de que, sinxelamente, desapareza o seu ensino.

Unha consecuencia engadida é que de non mudarse a consideración curricular da lingua e cultura galega como materia de libre configuración autonómica, será imposible que se cumpra co Programa de Promoción da Lingua Galega no Bierzo, que é onde están os 4 institutos que imparten esta materia.

Cómpre evitar esta inxusta consideración curricular e restaurar os dereitos lingüísticos do alumnado do Bierzo que decida cursar a lingua e cultura galega. Consideramos desde AGE que corresponde ás autoridades galegas en materia educativa e de Política Lingüística reunirse coas súas homólogas de Castela e León e atopar unha solución que non discrimine e supoña agravio para o alumnado.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- **Vaise dirixir o goberno galego ao goberno da Comunidade de Castela e León para reclamar un cambio curricular na ORDE EDU/363/2015, de 4 de maio, con respecto á impartición da lingua galega de maneira que se atope unha solución que non supoña un agravio para o alumnado e se acade un correcto cumprimento dos obxectivos do Programa de Promoción da Lingua e Cultura Galega no Bierzo?**

En Compostela, a 21 de maio do 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 21/05/2015 12:42:54

Ramón Vázquez Díaz na data 21/05/2015 12:42:57

Yolanda Díaz Pérez na data 21/05/2015 12:43:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa ao proceso de selección do director do CGAC.

A Xunta de Galiza está situando a boa parte das nosas institucións culturais nunha situación límite e, con irresponsabilidade, incitando un desprestixio que lastra a súa imaxe interna e externa. Un deterioro que dana a imaxe do noso país, Galiza, e o prestixio que con esforzo, outros e outras intentan labrar. Un dos exemplos paradigmáticos desta situación é o CGAC. O centro de arte contemporánea máis relevante de Galiza leva desde o mes de decembro sen director. O proceso iniciado pola Xunta de Galiza para a súa substitución viuse truncado por un procedemento que se alonxa dos principios que deben rexer nunha administración pública. Após coñecermos as alegacións e irregularidades neste proceso, toma moitos visos de veracidade a denuncia formulada de estarmos ante un concurso feito á medida dun nome, un simulacro de proceso aberto, mais predeterminado de antemán.

De feito as decisións adoptadas pola Xunta ante estes feitos poñen de manifesto que existen irregularidades, e un procedemento de selección no que non se garante a igualdade de todas as persoas, nin a transparencia e rigor. Mais ben asistimos a unha sucesión de improvisacións que fan que teñamos que falar dun “proceso trapalleiro” carente do rigor e a seriedade que debera rexer nun dos centros culturais públicos máis relevantes. Así após nomear novo director ao madrileño Santiago B. Olmo, anunciase a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

paralización do proceso polas alegacións formuladas. A xunta non responde formalmente ás alegacións, mais decide convocar unha nova proba sobre coñecemento de linguas, que nin estaba nas bases do concurso, nin se coñecen cales son os contidos, baremos ou tribunais. Un paso que demostra a improvisación e falta de rigor co que actúa a Consellaría. Un procedemento que se alonxa de xeito alarmante dos códigos de boas prácticas sobre a xestión dos centros de arte e dos principios que rexen no ordenamento xurídico galego no tocante aos procesos de selección de persoal.

Entendemos desde o BNG que este proceso está viciado e que a Xunta non actúa conforme ao estipulado na lexislación vixente. Todo este proceso pon de manifesto unha lixeireza e irresponsabilidade cos centros culturais de Galiza. De feito no mes de xullo remata a programación prevista o cal pon en risco a necesaria continuidade e estabilidade.

Polo dito formulamos a seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Considera o Secretario Xeral de Cultura que debe asumir responsabilidades ante as irregularidades detectadas no proceso de selección de director/a do CGAC?
2. Que razóns levaron a Xunta de Galiza non responder as alegacións formuladas?
3. Considera a Xunta de Galiza que o procedemento de selección se axustou ao previsto nas bases?
4. En que punto das bases se establecía a realización dunha proba de idiomas?
5. Que levou a Xunta de Galiza a convocar a proba de idiomas unha vez resolto o concurso?
6. Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para garantir un funcionamento axeitado do CGAC e recuperar prestixio deste centro?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 13:27:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**.

A estrada AC-544, ao seu paso pola localidade de Portanxil, parroquia de Trasmonte, no concello de Ames, presenta problemas de seguridade viaria, sendo unha preocupación para moitos veciños e veciñas que residen en dita parroquia. En concreto, existe un cruce perigoso, no lugar de Reino, onde xa houbo accidentes de tráfico, que implica que para acceder dun lado a outro da estrada, os peóns deben atravesar tres carrís. Nunha das marxes, está situada unha marquesiña de transporte público, tendo que cruzar co consecuente perigo, agravado ademais polas altas velocidades dos vehículos nesta zona.

A estrada AC-544 une as localidades de Bertamiráns e Negreira, é de competencia da administración galega, e ademais ten unha importante densidade de tráfico. Por iso, debe ser unha prioridade estudar e adoptar de xeito urxente unha solución idónea que incorpore as medidas que sexan necesarias para mellorar a seguridade viaria nesta estrada, onde –como xa se dixo- houbo accidentes graves que implicaron a vehículo e nalgún caso a peóns con resultado mortal.

Existen diversos puntos con problemas de seguridade viaria, entre os puntos quilométricos 5 e 7 da estrada AC-544, que afectan ás aldeas de Reino e Piñor, tanto



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para o cruce de peóns como para a visibilidade de vehículos. Tamén, no denominado Alto dos Barreiros, en Portanxil, hai unha rotonda incompleta, que obriga a realizar cruces perigosos para a incorporación ou desvío ás aldeas colindantes coa estrada, malia que a corrección deste trazado apenas implica custes excesivos de obras.

En diversas ocasións a asociación de veciños “Monte do Crego” de Trasmonte xa se dirixiu tanto a administración local como galega para dar conta destes problemas de seguridade viaria e propuxo acometer diversas obras urxentes.

Polo dito formulamos a seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

¿Ten previsto a Xunta de Galiza acometer obras de mellora de seguridade viaria na estrada AC-544 ao paso polos puntos quilométricos 5 a 7 en Portanxil, parroquia de Trasmonte, no concello de Ames?

¿Non cre prioritario o Goberno acometer ditas obras de seguridade viaria, dada a existencia de diversos accidentes graves?

¿Vaise comprometer coas demandas da asociación de veciños de Trasmonte de acometer as obras de mellora de seguridade viaria na estrada AC-544 que demanda a veciñanza?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 13:39:27

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, María Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A meninxite é unha enfermidade causada por virus, bacterias, fungos, intoxicacións, medicamentos etc., que afecta ás meninxes, é unha enfermidade pouco frecuente pero potencialmente letal. Pode afectar ao cerebro, ocasionando inconsciencia, lesión cerebral e doutros órganos ... etc. Progresas con moita rapidez, polo que o diagnóstico e o tratamento precoz é importante para previr secuelas severas e a morte. Afecta basicamente á poboación infantil e adolescente. A meninxite do tipo C (que non é a máis perigosa nin frecuente) era a que se padecía en Europa, mentres que a do tipo B (é a peor) era máis frecuente en países latinoamericanos; pero as enfermidades tamén migran e agora en Europa estamos a sufrir a do tipo B, aínda que non frecuente si é unha enfermidade grave.

Non se pode considerar endémica, pero a aparición de varios casos está a preocupar fondamente á poboación. A súa incidencia no territorio español é diferente por comunidades autónomas, nalgúns en maior número ca noutras. Galicia, presenta un número de casos que nos fan saltar as alarmas ao detectarse varios de extrema gravidade, xa que a bacteria que produce a meninxite B é moi perigosa.

Algúns países europeos xa integraron a vacina da meninxite B no seu calendario de vacinas como no caso de Portugal, polo que os galegos e as galegas acoden con demasiada frecuencia ao país veciño a mercala, e sen o debido e desexable control sanitario, ante o temor a padecela. Ademais algúns centros privados en Galicia dispoñen dela por estar neste momento

Grupo Parlamentario

reservada a uso hospitalario, o que xera unha falta de equidade e afonda no seu descontrol sanitario.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Existía en Galicia o compromiso para empezar a dispensala nas farmacias galegas sen financiamento público, pero agora a conselleira desculpase e di que é o Ministerio quen non autoriza a súa dispensa, aínda que descoñecemos os motivos.

Sabemos que no Consello Interterritorial camíñase cara un calendario de vacinación único para todas as comunidades autónomas, pero tamén sabemos que hai diferenzas entre elas, e que Galicia estivo ata hai pouco tempo contemplando como experiencia piloto a vacinación obrigatoria na infancia do neumococo, cousa que noutras partes non se facía.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral:

Que razóns ten a Consellería de Sanidade para non vacinar en Galicia contra a Meninxite B?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 21/05/2015 13:44:18

Carmen Gallego Calvar na data 21/05/2015 13:44:28

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 21/05/2015 13:44:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, José Antonio Sánchez Bugallo e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nestes días, tivemos noticia de que a SGHN e Verdegaia presentaran un escrito ás consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e de Economía e Industria por un recheo nunha barreira no concello do Porriño (Pontevedra), no límite co LIC “Gándaras de Budiño”.

Podería ser que este recheo non conte coas autorizacións pertinentes, o cúmulo de barro que existe ten alto risco de escorregar cara ás brañas do LIC e hai un alto risco de que o material de recheo conteña elementos tóxicos, dado o seu aspecto e granulometría.

Din as asociacións ecoloxistas que este terreo está catalogado como solo rústico de especial protección de espazos naturais (SRPEN).

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego do recheo nunha barreira no concello de Porriño (Pontevedra), no límite co LIC “Gándaras de Budiño”?

2ª) Sabe o Goberno se existen riscos de escorrentías cara ás brañas do LIC e de que o material de recheo conteña elementos tóxicos?

3ª) Coñece o Goberno quen emitiu a autorización administrativa correspondente, no caso de existir?



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/05/2015 11:04:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar na data 15/05/2015 11:05:10

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/05/2015 11:05:26

Raúl Fernández Fernández na data 15/05/2015 11:05:38



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao cumprimento dos requirimentos legais en materia de medio ambiente dos vertedoiros de cascallos das obras do trazado do AVE que proxecta ADIF en varios concellos de Ourense e que afectan singularmente ao concello de Taboadela.

No contexto da futura realización das obras do trazado do Ave no seu tramo de acceso á cidade de Ourense, o ADIF ten iniciado os trámites para a expropiación de leiras que serán destinadas a vertedoiros dos cascallos procedentes de ditas obras. Nese tramo ademais dos desmontes habituais xerarase tamén un gran volume de escombros procedentes da construción de dous túneles, en Rante e Montealegre.

En total, segundo as previsións de ADIF estas expropiacións con destino á acumulación de cascallos ocuparían unhas 50 hectáreas de terreos e o movemento de escombros que acabarían depositados ascenderían a un volume previsto de uns 3 millóns de metros cúbicos, acadando unha altura de 4 metros.

Estes vertedoiros terán ademais, á vista da expropiación definitiva das leiras que formula o ADIF, carácter permanente.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación de concentración nunha zona concreta dos vertidos de todos os cascallos do tramo é unha decisión aberrante desde o punto de vista das cargas que terán que soportar os e as veciñas das zonas afectadas en relación con dita infraestrutura.

Para alén diso, consideramos que esta actuación tamén é moi cuestionable desde o punto de vista da protección do medio ambiente e dos valores naturais e culturais desta zona. Dos datos dos que dispoñemos a día de hoxe non existe ningunha garantía nin estudo acerca das medidas para protexer os acuíferos, nin outros valores da flora e da fauna da zona. E desde logo a magnitude desta actuación e o seu carácter permanente non cabe ningunha dúbida de que vai conlevar alteracións irreparábeis.

Tendo en conta as competencias que ten o Goberno Galego en materia de protección da paisaxe, da calidade do aire, do medio ambiente e dos valores naturais, este Grupo Parlamentar considera indispensábel unha actuación urxente para preservar ditos valores e establecer todas as cautelas e de ser necesario impedimentos á realización de actuacións cuxas consecuencias poden devir en permanentes e irreparábeis.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

1.- Ten coñecemento o Goberno Galego das actuacións que pretende realizar o ADIF en relación co vertido dos cascallos das obras do AVE no tramo de acceso á cidade de Ourense?

2.- Realizou o Goberno no ámbito das súas competencias algún estudo para avaliar as súas consecuencias tanto sobre os acuíferos como sobre outros valores ambientais e sociais da zona?

3.- Non considera que a concepción do proxecto de ADIF ten un carácter de cargar sobre moi poucos as cargas de dita infraestrutura?

4.- Que valoración fan das condicións e características deste proxecto?

5.- Non cre que o seu carácter de definitivo debера obrigir ao deseño de actuacións de menor impacto ambiental e social?

6.- Ten previsto realizar algunha xestión ante o Goberno do Estado e o ADIF para modificar este proxecto e instar a elaboración dunha actuación máis racional?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 15/05/2015 12:30:10

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/05/2015 12:30:13

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O BOP de Ourense do 6 de maio publicou a relación individualizada dos bens e dereitos afectados pola construción da Plataforma de Integración Urbana e Acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense nos tramos Taboadela-Seixalvo e Seixalvo-Túnel de Montealegre.

Así, no tramo Taboadela-Seixalvo hai 33 parcelas afectadas no curso do trazado que discorre polo termo municipal de Taboadela.

No tramo Seixalvo-Túnel de Montealegre hai 277 parcelas afectadas no termo de Taboadela, cando o trazado discorre polos concellos de San Cibrao das Viñas e Ourense.

Estas parcelas vanse destinar a depósito de escombros procedentes de diversas zonas do trazado, especialmente no que se refire aos túneles de Rante e Montealegre.

As ditas parcelas sitúanse cerca dunha zona urbanizable e residencial coñecida como Espiñeiro, que ademais é zona de potencial crecemento de Taboadela.

Segundo o publicado, a expropiación destas parcelas para acopio de material farase con carácter definitivo e non temporal. Estamos falando de cerca de 50 hectáreas e un movemento de escombros de dous millóns de metros cúbicos, dos que se prevé que alcancen unha altura de aproximadamente catro metros. Sen dúbida suporá un cambio radical na

Grupo Parlamentario

zona. Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego da existencia dos informes favorables de Medio Ambiente, e no seu caso, cales son as principais consideracións?

2ª) Coñece o Goberno galego cales son as razóns polas que se determina que estas expropiacións terán carácter definitivo e non temporal?

3ª) Ten coñecemento de que estas parcelas para acumulación de material e acopio sexan diversificadas entre os tres concellos anteriormente mencionados?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 15/05/2015 12:53:17

José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/05/2015 12:53:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/05/2015 12:53:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria.

Recentemente publicouse o “Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza do 2014”. Para o citado ano, o grao de execución total foi do 90,5%, quedando polo tanto a décima parte do orzamentado sen executar. Dunha análise detallada do grao de execución observamos como determinadas áreas ou programas presentan unha moi baixa execución lastrando así o cumprimento dos seus obxectivos.

Se observamos o grado de execución atendendo ás consellerías, observamos que a que debería impulsar impulsor o crecemento económico e que conta con grandes programas de incentivos para a dinamización económica, a Consellería de Economía e Industria, resulta ser a consellería con máis baixa execución, un 61%. Nesta consellería, atendendo á execución por capítulos de gasto, todos os capítulos superan o 99% de execución, a excepción do capítulo 7, xa que as transferencias de capital apenas chegan ao 52,2%. Trátase precisamente do capítulo onde se recollen varias liñas de dinamización económica a través de subvencións aos diferentes axentes galegos.

Así, programas que leva a cabo esta consellería, como o “plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, presenta unha execución do 64,1%, mentres que o “programa de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial” sitúase nun exiguu



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

40,8%. Trátase dunhas moi baixas execucións que amosan o desleixo gubernamental por aplicar políticas eficaces nestas áreas, o que acaba lastrando ao noso tecido industrial, á nosa capacidade innovadora e á competitividade da nosa industria.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e deputado asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que o grao de execución dos citados programas correspóndese cunha boa práctica e xestión orzamentaria?
2. A que cree a Xunta de Galiza que é debido que sexa a Consellería de Economía e Industria a que presenta un menor grado de execución?
3. A que cree a Xunta de Galiza que é debido o nivel tan baixo de execución dos programas citados?
4. Cree a Xunta de Galiza que os programas que amosan baixos graos de execución acadaron o obxectivo político que tiñan asignado?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adón Villamarín na data 15/05/2015 14:09:39

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/05/2015 14:09:42

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes ao grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A aprendizaxe de idiomas tense convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental tanto para as persoas mozas como para as adultas. Ninguén dubida a día de hoxe que a aprendizaxe de idiomas abre portas para o acceso ao existente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir.

Esa posibilidade de formación está hoxe ao alcance de moita xente nas cidades, pero resulta moito máis complicada en pequenas vilas do rural.

Unha desas vilas da Galicia interior é Chantada, na provincia de Lugo. Nesa vila atópase o IES “Lama das Quendas”, que estaría en boas condicións para albergar unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos.

Este centro educativo vén ofertando dende hai anos o Programa CUALE, que é cursado por alumnado do segundo ciclo da ESO e por alumnado de Bacharelato, pero ao que non ten opción de acceder a poboación adulta.

O IES “Lama das Quendas” conta con instalacións axeitadas para ofertar esta modalidade de ensino, e ademais está aberto en horario de tarde dende as 16 horas ata as 22 horas.

Estamos a falar da posibilidade de prestar un importante servizo aos concellos de Chantada, Taboada e Carballedo e mesmo a outros concellos limítrofes da Comarca da Ulloa.

Grupo Parlamentario

Existe un amplo consenso na Comunidade Educativa do IES “Lama das Quendas”, tal e como se reflicte nas correspondentes votacións desenvolvidas no Claustro e Consello Escolar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Existe ao mesmo tempo un amplo consenso nos concellos de Chantada, Carballedo e Taboada, que apoiaron por unanimidade esta petición.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poñer en funcionamento ao inicio do curso 2015/2016 unha sección de inglés da EOI de Monforte no IES Lama das Quendas de Chantada?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/05/2015 18:01:43

María Concepción Burgo López na data 15/05/2015 18:01:54

Emilio Vázquez Blanco na data 15/05/2015 18:01:59



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao cumprimento dos requirimentos legais en materia de medio ambiente dos vertedoiros de cascallos das obras do trazado do AVE que proxecta ADIF en varios concellos de Ourense e que afectan singularmente ao concello de Taboadela.

No contexto da futura realización das obras do trazado do Ave no seu tramo de acceso á cidade de Ourense, o ADIF ten iniciado os trámites para a expropiación de leiras que serán destinadas a vertedoiros dos cascallos procedentes de ditas obras. Nese tramo ademais dos desmontes habituais xeraranse tamén un gran volume de escombros procedentes da construción de dous túneles, en Rante e Montealegre.

En total, segundo as previsións de ADIF estas expropiacións con destino á acumulación de cascallos ocuparían unhas 50 hectáreas de terreos e o movemento de escombros que acabarían depositados ascenderían a un volume previsto de uns 3 millóns de metros cúbicos acadando unha altura de 4 metros.

Estes vertedeiros terán ademais, á vista da expropiación definitiva das leiras que formula o ADIF, carácter permanente.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta actuación de concentración nunha zona concreta dos verquidos de todos os cascallos do tramo é unha decisión aberrante desde o punto de vista das cargas que terán que soportar os e as veciñas das zonas afectadas en relación con dita infraestrutura.

Para alén diso, consideramos que esta actuación tamén é moi cuestionable desde o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

punto de vista da protección do medio ambiente e dos valores naturais e culturais desta zona. Dos datos dos que dispoñemos a día de hoxe non existe ningunha garantía nin estudo acerca das medidas para protexer os acuíferos, nin outros valores da flora e da fauna da zona. E desde logo a magnitude desta actuación e o seu carácter permanente non cabe ningunha dúbida de que vai conlevar alteracións irreparábeis.

Tendo en conta as competencias que ten o Goberno Galego en materia de protección da paisaxe, da calidade do aire, do medio ambiente e dos valores naturais, este Grupo Parlamentar considera indispensable unha actuación urxente para preservar ditos valores e establecer todas as cautelas e de ser necesario impedimentos á realización de actuacións cuxas consecuencias poden devir en permanentes e irreparábeis.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Ten coñecemento o Goberno Galego das actuacións que pretende realizar o ADIF en relación co vertido dos cascallos das obras do AVE no tramo de acceso á cidade de Ourense?

2.- Realizou o seu Goberno no ámbito das súas competencias algún estudo para avaliar as súas consecuencias tanto sobre os acuíferos como sobre outros valores ambientais e sociais da zona?

3.- Non considera que a concepción do proxecto de ADIF ten un carácter de cargar sobre moi poucos as cargas de dita infraestrutura?

4.- Que valoración fan das condicións e características deste proxecto?

5.- Non cre que o seu carácter de definitivo deba obrigalo ao deseño de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións de menor impacto ambiental e social?

6.- Ten previsto realizar algunha xestión ante o Goberno do Estado e o ADIF para modificar este proxecto e instar a elaboración dunha actuación máis racional?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2015

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 18/05/2015 12:19:22

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/05/2015 12:19:29

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, que forma parte do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao dispositivo de seguridade policial para as eleccións municipais.

Os sindicatos policiais veñen de coñecer a previsión do dispositivo de vixilancia policial para cubrir a xornada electoral do día 24 de maio no noso país. Esta previsión contén aspectos que son rexeitados polo colectivo policial. O operativo establécese a partires do oficio da Dirección Adxunta Operativa (DAO), do 6 de maio, oficio que sendo semellante ao de outras xornadas de eleccións vai ser aplicado doutra maneira, lesiva para o colectivo de policía afectado.

Sobre a premisa incontrovertible da falla de plantilla suficiente para aplicar a letra do devandito oficio, a previsión para esta xornada electoral será a de realización de xornadas de traballo que nalgúns casos excederán as 12 horas, con presenza fixa nos colexios electorais, cando en anteriores ocasións a aplicación práctica deste oficio supuña servizos de 4 horas dinámicos. Esta situación vai afectar tanto ás persoas que integran o corpo da policía (CPN) como ás da UPA, a unidade da policía autonómica. Descoñecemos a xustificación de semellante alteración.

A situación real das plantillas, a súa escaseza, provoca un amplo abano de cuestións conflitivas, por exemplo que nalgúns casos non sexa materialmente posible facer efectiva esa presenza fixa nos colexios. Esa situación de falla de persoal vai dar lugar a problemas para conciliar a xornada laboral e a vida familiar. Presenza fixa policial nos colexios que se converte en excesiva por innecesaria.

A falta de plantilla suficiente vai pór atrancos a aquelas persoas que teñan que se desprazar para poder exercer o seu dereito de voto, cunha secuencia de ate 4 desprazamentos na mesma xornada cun claro alongamento da xornada de traballo.

A aplicación deste oficio vai dar pé a un evidente exercicio discriminatorio entre compañeiros por que uns van percibir a retribución extraordinaria e outros non malia desempeñar a mesma tarefa. Semella razoable que se inclúa no dispositivo electoral a todo o persoal funcionario que realice as quendas rotatorias do servizo ordinario o día 24 de maio e máis do persoal nomeado para atender o servizo de incidencias.

Vaise dar un rego de incidencias vinculadas á loxística do operativo toda vez que se quere aplicar unha directriz pensada para plantillas grandes e procesos cunha maior conflitividade.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que novas situacións de risco coñece a Xunta que expliquen a aplicación diferente do oficio que dispón a vixilancia das unidades policiais na xornada electoral do 24 de maio?
- Que consideracións achegou a Xunta para conformar o dispositivo policial de vixilancia da xornada electoral, en particular nos colexios electorais? Tivo en conta a Xunta de Galicia, á hora de elaborar estas consideracións, o evitar xornadas laborais excesivas e inxustificadas e a necesaria preservación da conciliación laboral-familiar das persoas que integran a UPA?
- Formulou a Xunta a consideración da necesidade de establecer un servizo específico nas ODAC (oficinas de denuncias e atención á cidadanía) e nos grupos de atención á cidadanía respecto dos posibles incidentes que poidan acaecer a xornada electoral?
- Vai realizar a Xunta as xestións pertinentes coas autoridades responsables para corrixir os diferentes aspectos enunciados: as eivas na conciliación da vida laboral e familiar, a garantía das 4 horas para exercer o dereito de voto, a realización axeitada dos relevos, a non discriminación mediante a inclusión no dispositivo electoral de todo o persoal funcionario que desempeñe funcións vencelladas coa boa marcha da xornada electoral, e o notable incremento das horas de servizo durante a xornada electoral?

En Compostela, a 18 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/05/2015 12:13:36

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa reposta escrita**.

Pola Dirección Xeral da Xuventude da Xunta de Galicia, dende fai anos, véñse realizando o programa “*Parlamento xove*”, co obxecto - compartido unanimemente - de fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar e potenciar habilidades ao respecto.

Para a realización destas actividades, se acudiu a contratación de empresas alleas a Administración, pero sen que a mesma foxe obxecto da correspondente licitación pública, tal e como sería axeitado; o que impide a presentación de ofertas alternativas e diferenciadas; estadno ao parecer, entre as entidades colaboradoras, CPR PREMIR.

Incluso a nivel persoal, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo, membro do equipo directivo de PREMR, aparece, dento das xornadas organizadas pola propia Xunta de Galicia, como o responsable da presentación e explicación das características do programa “*Parlamento xove*”. Se dá a circunstancia que tal persoa figura como número dous dentro da candidatura do Partido Popular de Galicia ao concello de Teo, ás próximas eleccións municipais. Por todo o anterior, en relación á realización de programa “*Parlamento xove*” durante os últimos seis anos, se realizan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que empresa ou empresas realizaron actividades relacionadas con dito programa, en que concepto e por que importe para cada unha das anualidades?
- 2.^a) Por que non se considerou axeitado proceder a súa licitación?
- 3.^a) Existe algún tipo de vínculo impropio entre algunha das empresas coas que se contratou co departamento adxudicatario ?

 Grupo Parlamentario

4.ª) Considera que tal xeito de actuar propicia a necesaria transparencia das actuacións da Administración autonómica ?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2015

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Álvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 20/05/2015 12:46:34

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/05/2015 12:46:42

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/05/2015 12:46:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, relativa ás implicacións da aplicación da LOMCE para o ensino do galego no Bierzo.

O pasado 8 de maio o BOCYL publicou a “ORDEN EDU/363/2015, de 4 de mayo, por la que se establece el currículo y se regula la implantación, evaluación y desarrollo del bachillerato en la Comunidad de Castilla y León”. Algúns dos puntos deste decreto significan un paso a atrás na ensinanza do galego no Bierzo e contradín o establecido na lexislación vixente en materia de promoción do galego no ámbito deste territorio. Así a optativa de Lingua e Cultura Galegas pasa a ser unha materia de libre configuración específica. Isto significa que o alumnado interesado en cursala vai ver incrementado o seu horario lectivo, sufrindo unha discriminación negativa con respecto ao alumnado que escolla calquera outra optativa. De feito o alumnado que escolla esta materia verá incrementado o seu horario lectivo ata 33 ou 34 horas semanais (fronte ás 30 horas semanais estipuladas). Isto supón un sobre esforzo importante e a eliminación da ensinanza do galego do horario lectivo. Así tal e como denuncian desde as persoas e colectivos a prol da lingua galega no Bierzo significa que a optativa de Lingua e Cultura Galegas ofertarase “polas tardes, cunha carga lectiva a maiores de 4 horas e diversos problemas entre os que podemos incluír os da imposibilidade de usar o transporte escolar, como non lle ocorre, por outra parte, a ningunha outra materia.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Desde o BNG amosamos a nosa preocupación pola situación que se está a producir e consideramos urxente retomar esta situación. A Xunta de Galiza e a Junta de Castilla y León teñen asinado un protocolo para fomentar o uso do galego nos territorios onde teñen como lingua propia o galego e isto supón un enorme paso atrás. Resulta desalentador comprobar a falta de apoio da ensinanza do galego e os obstáculos continuos a pesar da boa acollida entre o alumnado.

Entendemos que urxe un diálogo entre a Xunta de Galiza e a de Castilla y León que permita resolver esta situación de xeito positivo para a lingua galega. Neste sentido convén lembrar que os programas de promoción e difusión da lingua galega necesitan estabilidade e apoio institucional e evitarmos estes vaivéns que só dificultan a ensinanza de lingua galega. A aplicación da LOMCE en Castilla y León supón un paso atrás moi importante para a lingua galega, unha clara discriminación e unha situación que non é de recibo. O galego leva falándose durante séculos no Bierzo e, estas medidas, lonxe de axudar ao mantemento e apoio da lingua galega significan atrancos inaceptábeis que poñen en perigo o seu futuro.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

Que valoración lle merece á Xunta de Galiza que a ensinanza de lingua galega se vexa discriminada en Castilla y León pola aplicación da LOMCE?

Que actuacións ten previsto desenvolver a xunta de Galiza para garantir que se elimine unha nova discriminación para a lingua galega neste ámbito?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 12:07:52

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 21/05/2015 12:07:57



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, relativa ao proceso de selección do director do CGAC.

A Xunta de Galiza está situando a boa parte das nosas institucións culturais nunha situación límite e, con irresponsabilidade, incitando un desprestixio que lastra a súa imaxe interna e externa. Un deterioro que dana a imaxe do noso país, Galiza, e o prestixio que con esforzo, outros e outras intentan labrar. Un dos exemplos paradigmáticos desta situación é o CGAC. O centro de arte contemporánea máis relevante de Galiza leva desde o mes de decembro sen director. O proceso iniciado pola Xunta de Galiza para a súa substitución viuse truncado por un procedemento que se alonxa dos principios que deben rexer nunha administración pública. Após coñecermos as alegacións e irregularidades neste proceso, toma moitos visos de veracidade a denuncia formulada de estarmos ante un concurso feito á medida dun nome, un simulacro de proceso aberto, mais predeterminado de antemán.

De feito as decisións adoptadas pola Xunta ante estes feitos poñen de manifesto que existen irregularidades, e un procedemento de selección no que non se garante a igualdade de todas as persoas, nin a transparencia e rigor. Mais ben asistimos a unha sucesión de improvisacións que fan que teñamos que falar dun “proceso trapalleiro” carente do rigor e a seriedade que debiera rexer nun dos centros culturais públicos máis relevantes. Así após nomear novo director ao madrileño Santiago B. Olmo, anunciase a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

paralización do proceso polas alegacións formuladas. A xunta non responde formalmente ás alegacións, mais decide convocar unha nova proba sobre coñecemento de linguas, que nin estaba nas bases do concurso, nin se coñecen cales son os contidos, baremos ou tribunais. Un paso que demostra a improvisación e falta de rigor co que actúa a Consellaría. Un procedemento que se alonxa de xeito alarmante dos códigos de boas prácticas sobre a xestión dos centros de arte e dos principios que rexen no ordenamento xurídico galego no tocante aos procesos de selección de persoal.

Entendemos desde o BNG que este proceso está viciado e que a Xunta non actúa conforme ao estipulado na lexislación vixente. Todo este proceso pon de manifesto unha lixeireza e irresponsabilidade cos centros culturais de Galiza. De feito no mes de xullo remata a programación prevista o cal pon en risco a necesaria continuidade e estabilidade.

Polo dito formulamos a seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Considera o Secretario Xeral de Cultura que debe asumir responsabilidades ante as irregularidades detectadas no proceso de selección de director/a do CGAC?
2. Que razóns levaron a Xunta de Galiza non responder as alegacións formuladas?
3. Considera a Xunta de Galiza que o procedemento de selección se axustou ao previsto nas bases?
4. En que punto das bases se establecía a realización dunha proba de idiomas?
5. Que levou a Xunta de Galiza a convocar a proba de idiomas unha vez resolto o concurso?
6. Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para garantir un funcionamento axeitado do CGAC e recuperar prestixio deste centro?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2015 13:27:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, María Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A meninxite é unha enfermidade causada por virus, bacterias, fungos, intoxicacións, medicamentos etc, que afecta ás meninxes, é unha enfermidade pouco frecuente pero potencialmente letal. Pode afectar ao cerebro, ocasionando inconsciencia, lesión cerebral e doutros órganos ... etc. Progresa con moita rapidez, polo que o diagnóstico e o tratamento precoz é importante para previr secuelas severas e a morte. Afecta basicamente á poboación infantil e adolescente. A meninxite do tipo C (que non é a máis perigosa nin frecuente) era a que se padecía en Europa, mentres que a do tipo B (é a peor) era máis frecuente en países latinoamericanos; pero as enfermidades tamén migran e agora en Europa estamos a sufrir a do tipo B, aínda que non frecuente si é unha enfermidade grave.

Non se pode considerar endémica, pero a aparición de varios casos está a preocupar fondamente á poboación. A súa incidencia no territorio español é diferente por comunidades autónomas, nalgúñas en maior número ca noutras. Galicia, presenta un número de casos que nos fan saltar as alarmas ao detectarse varios de extrema gravidade, xa que a bacteria que produce a meninxite B é moi perigosa.

Algúns países europeos xa integraron a vacina da meninxite B no seu calendario de vacinas como no caso de Portugal, polo que os galegos e as galegas acoden con demasiada frecuencia ao país veciño a mercala, e sen o debido e desexable control sanitario, ante o temor a padecela. Ademais algúns centros privados en Galicia dispoñen dela por estar neste momento

Grupo Parlamentario

reservada a uso hospitalario, o que xera unha falta de equidade e afonda no seu descontrol sanitario.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Existía en Galicia o compromiso para empezar a dispensala nas farmacias galegas sen financiamento público, pero agora a conselleira desculpase e di que é o Ministerio quen non autoriza a súa dispensa, aínda que descoñecemos os motivos.

Sabemos que no Consello Interterritorial camíñase cara un calendario de vacinación único para todas as comunidades autónomas, pero tamén sabemos que hai diferenzas entre elas, e que Galicia estivo ata hai pouco tempo contemplando como experiencia piloto a vacinación obrigatoria na infancia do neumococo, cousa que noutras partes non se facía.

Ante esta situación as deputadas que asinan preguntan:

Que razóns ten a Consellería de Sanidade para non vacinar en Galicia contra a Meninxite B?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2015

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 21/05/2015 13:53:10

Carmen Gallego Calvar na data 21/05/2015 13:53:19

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 21/05/2015 13:53:29

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓN

1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓN

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN

1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

4.1. INFORMACIÓN

4.2. CORRECCIÓN DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727